

Memoria de actividades

Centro de Estudos Galegos John Rutherford da Universidade de Oxford

Ano 2023

Responsábel do CEG

Rosa Bercero, Lecturer in Spanish, University of Oxford

Lectora

Lucía Cernadas Varela

De acordo co calendario académico oxoniense, o ano 2023 comprendeu os trimestres de Hilary e Trinity do curso 2022/2023 e o trimestre de Michaelmas do curso 2023/2024. Durante este tempo, o Centro de Estudos Galegos de Oxford impulsou aulas de lingua, literatura e cultura, así como diversas actividades académicas e culturais que fican resumidas na seguinte memoria.

DOCENCIA

Hilary Term

Neste trimestre, a lectora impartiu unha hora semanal dos seguintes niveis de lingua: Galician Beginners (4 estudantes), Galician Intermediate 1 (4 estudantes) e Galician Advanced (1 estudante); tamén semanalmente, impartíuse unha hora da materia Introduction to Galician Culture (1 estudante) e, como novidade, tres alumnas que realizaban o seu ano de estudos no estranxeiro (como parte da estrutura dos graos de linguas modernas de Oxford) mantiveron unha sesión de práctica oral á semana coa lectora.

Aliás, en Hilary desenvolveuse unha nova edición do curso de tradución de poesía galega ao inglés “Translating Contemporary Galician Poetry”, ao cal asistiron 4 estudantes. As actividades derivadas deste seminario será explicadas en pormenor na correspondente sección desta memoria.

Por último, alén dos estudos referidos, neste período un alumno finalizou o Paper XII: Modern Galician Linguistics, traballo que iniciara no trimestre anterior.

Trinity Term

Durante este período, a lectora impartiu unha hora semanal dos seguintes niveis de lingua: Galician Beginners (4 estudantes), Galician Intermediate 2 (1 estudante) e Galician Advanced (1 estudante). A materia de Introduction to Galician Culture foi tamén frecuentada por unha estudante. As modificacións con respecto ao trimestre anterior debéronse, principalmente, ás particularidades do calendario académico oxoniense, que prevé que o estudantado de cuarto curso finalice antes o período lectivo.

Michaelmas Term

No trimestre inaugural do curso 2023/2024, o CEG retomou a súa actividade coas seguintes materias: Galician Beginners (4 estudantes), Galician Intermediate 1 (3 estudantes), Galician Advanced (2 estudantes), Galician Speaking Practice (2 estudantes) e Introduction to Galician Culture (2 estudantes). Ademais, dúas alumnas comezaron a realizar o Paper XII: Modern Galician Linguistics baixo a supervisión da lectora.

ACTIVIDADES

Durante o ano 2023, o CEG levou a cabo actividades culturais e académicas de vario tipo, detalladas nas páxinas a seguir.


En primeiro lugar, o 21 de xaneiro a lectora e tres alumnas asistiron ao [encontro organizado por REGA-UK – Rede Galega no Reino Unido coa escritora galega Eva Moreda](#). Esta pequena excursión

permitiu ao alumnado coñecer en maior profundidade a historia da comunidade galega no Reino Unido, manter contacto con falantes nativos/as da lingua e participar das actividades e celebracións dun grupo de persoas implicadas no desenvolvemento da lingua e a cultura galegas alén do CEG de Oxford.

Uns días máis tarde, o 31 de xaneiro, catro alumnos/as e a lectora participaron nun programa en directo do programa de Twitch “A Lobeira Today”, en que conversaron cos presentadores Eva Patinho e Fran Pérez sobre a experiencia de aprender e ensinar galego en Oxford, alén de participar dalgúns xogos e interactuar coas persoas que estaban a ver o programa. O vídeo completo pode ser consultado en <https://www.youtube.com/watch?v=5EqJaxTw09A&t=1240s>



Xa no 15 de febreiro, desenvolvéronse dúas actividades complementarias: dunha parte, un obradoiro de tradución dirixido ao alumnado do centro, impartido polo poeta e tradutor irlandés Keith Payne, e, doutra parte, a presentación da antoloxía de poesía galega e irlandesa *A different Eden*. No acto participaron Keith Payne e o profesor Martín Veiga, en calidade de editores do volume, e o poeta e tradutor Isaac Xubín, en calidade de tradutor. Ao evento asistiu tamén John Rutherford, fundador do CEG de Oxford.



O 24 de febreiro, en conmemoración do Día de Rosalía, as alumnas do centro saíron ás rúas de Oxford para repartir información sobre a autora, a efemeride e a lingua galega. Xunto con esta información, seguindo a proposta de diferentes colectivos e individuos da cultura galega, as alumnas tamén repartiron flores ás persoas que se interesaron por esta información.



O 8 de marzo, co precedente do curso anterior, tivo lugar un [encontro en liña entre o alumnado de inglés da Escola Oficial de Idiomas de Pontevedra e o alumnado do CEG de Oxford](#). A iniciativa, organizada entre a Equipa de Dinamización Lingüística da EOI e o lectorado oxoniense, permitiu ao alumnado coñecer falantes nativos/as das linguas que están a estudar, compartir gostos e intereses e crear novos contactos.

Xa no mes das Letras Galegas, o CEG organizou unha proxección cinematográfica en colaboración coa asociación londinense Galician Film Forum. O filme escollido foi o documental *Negro Púrpura*, que trata a historia do fungo *claviceps purpurea* na Galiza.



Asemade, no mes de maio foron divulgados os resultados do seminario Translating Contemporary Galician Poetry. Como o ano anterior, unha versión dixital dos poemas orixinais e as traducións foi disponibilizada na páxina web da Faculty of Medieval and Modern Languages (pode ser consultada aquí: <https://www.mod-langs.ox.ac.uk/galician>) e, alén disto, as alumnas do seminario tiveron a oportunidade de recitar as súas traducións nunha sesión de “micrófono aberto” organizado polo colectivo Oxford Poetry Library. Nas redes sociais do lectorado (Facebook e Instagram) figuran os vídeos deste recital. Os autores e autoras cuxas obras foron traducidas este ano foron Ismael Ramos, Laura Ramos, Afra Torrado, Nuria Vil, Míriam Ferradáns, Lucía Aldao e Tamara Andrés.

Despois do verán, xa no trimestre de Michaelmas, o CEG retomou as actividades culturais organizando un magosto no pub The Harcourt Arms, ao cal asistiu alumnado do centro, profesorado da facultade e membros da comunidade emigrante galega de Oxford e de Londres, esta última representada polos membros da asociación REGA-UK – Rede Galega no Reino Unido, quen amenizou o serán con música e cantigas tradicionais.



Por último, as actividades culturais de 2023 finalizaron coa *performance* “Mais Alalá”, unha reinterpretación para voz, piano e percusión de *De catro a catro* levada a cabo polo escritor e antigo lector de galego en Oxford Xelís de Toro, acompañado polo pianista Alejandro Vargas.



REDES SOCIAIS

A actividade do CEG de Oxford é habitualmente publicitada a través de dúas canles de redes sociais: o perfil de Facebook Galego en Oxford e a conta de instagram @vaodoboi, que no momento de redacción desta memoria conta con 353 seguidores. Esta conta é ademais unha ferramenta pedagóxica, pois nela publícanse habitualmente vídeos gravados polo alumnado do centro sobre a súa experiencia universitaria, tradicións e particularidades de Oxford, ou contidos culturais tratados nas aulas, de modo que poñen a proba as súas competencias lingüísticas ao mesmo tempo que se involucran en dar a coñecer o traballo do Centro tanto entre a comunidade galega como entre a receptora.